

CUESTIONARIO “¿UNHA SEGUNDA CANLE DE TVG?”

1 Reivindicación histórica e necesidade dunha segunda canle de televisión en Galicia

2 ¿Existe demanda social dunha segunda canle de televisión en Galicia?

3 ¿Qué modelo, contidos e programación serían propios dunha hipotética segunda canle de televisión en Galicia?

4 ¿Existen argumentos técnicos que impidan poñer en marcha unha segunda canle de televisión en Galicia?

5 ¿Sería rentable económicamente unha segunda canle de televisión en Galicia?

6 Unha segunda canle,¿potenciaría a industria audiovisual galega?

7 Exprese calquera outra consideración sobre a necesidade e funcións dunha segunda canle de televisión en Galicia

IGNACIO VILAR - Director

1. É necesaria unha segunda canle como alternativa a “televisión basura”

2. A Televisión de Galicia que pagamos todos, só vai dirixida a unha parte da poboación (xente maior, do rural). Os demais tamén temos dereito a unha segunda canle.

3. Emisión de 20 horas a 2 horas. Longametraxes (galegos) e longametraxes (versión orixinal) actuais con debate, longametraxes da historia do cine con debate, curtametraxes(galegos) e curtametraxes (versión orixinal) con debate.

Debuxos animados galegos e versión orixinal (buscar películas de debuxos animados actuais e históricas por todos os países).

Longametraxes documentais, documentais, series documentais, programas de literatura, xeografía, historia, etnografía, arte de Galicia, arquitectura, viaxes, clases de galego, cociña tradicional e nova, programa de viños, programa de debates, coñecer os países do mundo, coñecer Galicia, programa de sexo para cada idade.

¡ IMAXINACIÓN, A TV !

4. O espacio radioeléctrico en Galicia é igual que no resto do estado e podería comenzar a emisión de sinais dunha segunda canle, como así fixeron noutras autonomías.....

5. Por tratarse dunha canle de servizo público, non se debería buscar só a rentabilidade económica senon a cultura e social..

Unha segunda canle ben prantexada non ten porqué ser necesariamente deficitaria....

A segunda canle non ten que ser necesariamente moi costosa, pois poderíase soste utilizar recursos humanos e medios da propia CRTVG...

6. Galicia dispón dun sector audiovisual privado capaz de dar resposta as necesidades dunha segunda canle, tanto cualitativa como cuantitativamente.....Hay moitas horas de documentais e series documentais sen emitir dende fai máis de 6 anos.

7. A segunda canle é unha cuestión política ¿hai algunha cousa que non sexa unha cuestión política?

EDUARDO GUTIÉRREZ – Deputado e Portavoz de Cultura e Medios de Comunicación do Grupo Parlamentario do BNG

1. Desde hai seis anos o grupo parlamentario do BNG ven presentando unha enmenda aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para a creación dunha segunda canle da TVG, aparte naturalmente de diversas iniciativas parlamentares (mesmo unha proposición de lei) tendentes a asegurar o pluralismo, a función de servizo público e mais os mecanismos de control

2. Entendemos que si, pero aparte hai que vencellá-la ao cumprimento da función de servizo público e a atender xa que logo no mesmo treito horario público diversos.

3. Cumpriría ter en conta moitos aspectos : penetrar en públicos urbanos e xuvenis, sería desde logo un risco fundamental, xa que agora mesmo constitue unha rémora na TVG e dado o seu carácter xeralista resúltalle moi difícil atender a iso

4. Cremos que non existe atranco nengún para por en marcha dúas canles analóxicas, do mesmo xeito que fixeron outras Comunidades, a non ser que o espazo radioeléctrico galego sexa diferente ao do resto do Estado, algo que está sen demostrar. O atranco real é a falla de vontade política do Goberno galego para facer o mesmo que fixeron as restantes nacionalidades históricas

5. O certo é que rendible tampouco é a TVG que recibe de fondos públicos cerca dun setenta por cento do seu orzamento. Estamos a falar dun servizo público con funcións radicalmente importantes para Galiza que son mesmamente aquelas que lle sinala a Lei de Criación da CRTVG e que infelizmente cumprense de xeito altamente deficitario do punto de vista do pluralismo

6. Sen dúbida, por mais que este sector non debe depender únicamente, nen basear a súa estratexia en ser un servidor das canles públicas

7.

CÁNDIDO PAZÓ – Presidente AADTEG (Asociación de Actores, Directores e Técnicos de Escena de Galicia)

1. Co das dúas canles pasa igual que co de ter máis de un aparello de televisión en casa. Hai anos parecía un luxo sen sentido, un exceso. Hoxe parece algo normal porque unha familia contén diversas sensibilidades, diversos momentos con diversas escollas... Non parece lóxico que en tempos nos que en moitos concellos hai unha canle local de televisión, a nivel autonómico só exista unha canle. Comenza a resultar anacrónico.

2. Existe unha necesidade pero as necesidades non sempre se canalizan cara á expresión dunha demanda social explícita. Lembro que cando naceu a TVG non existía demanda expresa. É máis, se naquel momento tivéssemos como presidente o mesmo que temos agora posibelmente se optaría por facer un corte amplo na emisión de TVE en Galicia, unha sucursal con forte autonomía, pero non unha televisión autonómica. Algo similar ao que se fixo coa chamada Policía Autonómica, que en realidade é unha sección especial da Policía Nacional, un organismo que, finalmente, ninguén percibe como autonómico, porque en realidade non o é, co cal a Administración Autonómica non ten unha ferramenta verdadeiramente propia en materia de seguridade. Con isto quero dicir que se no momento en que naceu a TVG se fixese unha análise da demanda en termos só cuantitativos a TVG non nacería.

Pero había unha necesidade e a TVG naceu e axiña se demostrou que si existía unha demanda só que esta demanda non era socialmente explícita. O mesmo pasa agora coa segunda canle.

3. O termo “segunda canle” pode inducir a pensar que ésta teña que ser unha canle de segunda. Ese enfoque para min é un erro. Eu creo que ten que haber dúas canles e que ambas as dúas teñen de ser recíprocamente complementarias. Unha complementariedade biunívoca, non suxeita a xerarquías previas. Naturalmente cada unha delas ten que ser o seu modelo definido e recoñecíbel, pero esa definición non se debería facer en función da canle que xa xiste senón en función dunha política de diversidade e pluralidade real na comunicación audiovisual pública.

4. A miña competencia técnica non dá para dar unha opinión argumentada pero intúo que se algo retrasa ou empece nestes momentos o nacemento da mentada segunda canle, ese algo non é de índole maiormente técnica senón de índole política, o cal é absolutamente respetábel pero absolutamente contestábel.

5. Tanto como o é a, digamos, primeira canle. En termos de servizo público e rendibilidade social, si. Estes son os termos nos que creo que hai que moverse cando se fala dunha televisión de titularidade pública. Por outra parte hai que coniderar que cando algo é rendíbel socialmente tamén o acaba sendo economicamente por máis que a percepción desa rendibilidade non parezca moi evidente e cuatificábel nun principio.

6. É evidente que si. Hai moitos produtos audiovisuais que non ven a luz pública por falta de xanela, porque nunha soa canle na que se quere meter de todo é imposíbel, paradoxalmente, que se meta todo. E cando se di todo quere dicirse todo o que acade un nivel de calidade que mereza e xustifique a súa emisión como conveniente para a propia canle e para a pluralidade da oferta televisiva. Polo tanto non se trata de que teñan que existir dúas canles autónomas para que se desenvolva o sector audiovisual senón de que o sector audiovisual ten que afianzar e ampliar o seu desenvolvemento para aportar contidos a esas dúas canles que se xustifican en si mesmas e non en función dos intereses do sector audiovisual.

7. Facer país é en grande medida tomar decisións políticas audaces e arriscadas. Administrar país e simplemente xestionar o que hai. A segunda actitude é, evidentemente, necesaria, pero un país que só se administra e non está en constante construción acaba por consumirse por pura inercia. Neste contexto habería que situar a

complexa decisión política de mellorar a oferta televisiva pública coa creación dunha segunda canle. Os tempos son chegados.

JOSÉ LUIS IRAVEDRA - Representante do PP no Consello da CRTVG

1. A segunda canle só se debe configurar para a súa difusión mediante sistema dixital, consonte ó determinado no Real Decreto 2169/1988, do 9 de outubro, polo que se aproba o Plan Técnico Nacional da Televisión Dixital por ondas de Terra, subliñando que as competencias neste ámbito corresponden ó Estado.

O emprego da televisión dixital por ondas de terra como medio de difusión proporciona alternativas fronte a outras posibles opcións, tales como a utilización da rede terreal como medio de difusión, permitindo unha recepción sinxela, mellora a calidade da imaxe e do son na zona de cobertura, abre as portas do fogar á denominada “sociedade da información”, etc..

A empresa pública galega “Retegal, S. A.”, xa realizou fortes investimentos, tendo deseñadas moitas outras actuacións neste ámbito, para, progresivamente, lograr a plena implantación da televisión dixital por ondas de terra no territorio galego.

2. TVG, S.A. en virtude do vixente marco estatuario que a regula, ten a obriga de desenvolver un modelo xeralista, e, ademais, establecer a través del a procura da audiencia, sen esquecer o obxectivo singular de levalo a cabo mediante unha execución orzamentaria na que os gastos non superen ós recursos.

3. Son os responsables do Ente público e de TVG, S.A. quen deben determinar o anteriormente significado, en funcións dos recursos e previa avaliación das demandas do potencial público

4. Compre reiterar a resposta ofrecida á primeira pregunta (a segunda canle só se debe configurar para a súa difusión mediante sistema dixital ó determinado no Real Decreto 2169/1988, do 9 de outubro, polo que se aproba o Plan Técnico Nacional da Televisión Dixital por Ondas de Terra), así como os argumentos expostos.

5. A CRTVG, baixo ningún concepto, debe afastarse da estricte observancia do plan de saneamento económico-financeiro, baseado no balance positivo do patrimonio consolidado, na amortización da denominada “débeda histórica” e na execución orzamentaria anual sen déficit. As liñas de actuación determinadas para cada exercicio deberán ter como obxectivo o devandito plan de saneamento. O

primeiro deber de xestión dun servizo pagado por todos os cidadáns é que non comprometa hipotecas.

6. TVG, S.A. é unha das canles máis dinámicas na produción de series de ficción, longametraxes, telefilmes e documentais. Fronte ós programas de entretenemento de diferentes contidos das outras canles, TVG, S.A. compite coas series de ficción realizadas en Galicia, constituindo isto unha aposta forte, cara, valente e arriscada.

Co obxecto de conseguir a máxima transparencia, somete as obras audiovisuais desa natureza a un procedemento de concorrència pública aberta, incluídas as longametraxes a telefilmes considerados de “interese estratéxico” (aqueles que propician a colaboración de TVG, S.A. con empresas produtoras galegas, españolas e estranxeiras para dinamizar o sector), fomentando, así mesmo, a competencia e a cooperación entre as concorrentes.

Para conseguir a máxima eficacia, TVG, S.A. debe primar :

- A concorrència dos produtos, mediante un sistema progresivo de incentivos en función dos resultados económicos das obras audiovisuais
- A capacidade de xerar retornos económicos para a propia TVG, S.A.

O reto máis importante do sector está determinado :

- Pola ocupación do “mercado exterior”, ben directamente, ben mediante alianzas. A industria non pode dirixir as súas miras exclusivamente a TVG, S.A. precisamente cando en Europa está sometido a unha forte reestructuración e redución dos investimentos por parte dos operadores tradicionais. As empresas deben cegar á convicción de que precisan do establecemento de alianzas.
- A concentración das empresas
- A promoción de proxectos intensivos de investigación e desenvolvemento, centrados nos contidos e nas novas tecnoloxías dixitais e multimedia.

TVG, S.A. deu sobradas mostras de que apostou e continúa a apostar pola creación dunha estrutura estable e poderosa que permita o desenvolvemento sostido e constante dunha industria

propia, a cal debe constituir un referente simbólico do avance do país.

7

ÁNGEL DE LA CRUZ – Guionista e Director

1. Penso que, nunha televisión pública ten que haber de todo, é dicir, a máis ampla oferta que poida chegar ao maior número de espectadores. Con todo, parece que as televisións públicas de todo o Estado entraron, moitas veces por esixencias dos diferentes Parlamentos, na guerra das audiencias e esquecéronse de ser un servizo público. Por iso debería haber outra canle, con outra oferta que non estea supeditada ao “share”, senon que ofrezca unha televisión plural, cultural, educativa e, por que non dicilo, minoritaria, para que así, a primeira canle, poida seguir xogando coas outras televisións ás súas particulares batallas de audiencia

2. Nunha sociedade asoballada por influencias *mediáticas* a demanda creárase cando os medios de comunicación queiran. A nós, os profesionais, nos toca convencer aos medios para que entendan ás nosas reivindicacións e se poñan do noso lado; esa é unha das razóns destes Foros e deste cuestionario. Cando esto suceda, a sociedade comenará a demandar a segunda canle. Desde logo, nós non vamos tirar a toalla e vamos a seguir explicándolle a xente o por qué da necesidade dunha segunda canle. Eu auguro que antes de dous anos existirá unha forte demanda social e, cando esto suceda todos os partidos políticos galegos sen excepción, incluírana nos seus programas electorais (iso si, hai que deixar que pensen que se lles ocorreu a eles). Estou seguro de que na próxima lexislatura teremos a segunda canle de televisión galega, pese a quen lle pese.

3. O seu obectivo debería ser a defensa da realidade social e identidade cultural do país. Eu vexo unha segunda canle totalmente independente da primeira, cunha *parrilla* chea de pequenos programas culturais, educativos, divulgativos, informativos, deportivos e de entretenemento; con cabida para os documentais, programación infantil, películas (en versión orixinal subtitulada), teatro, programas de investigación, de debate, etc. Sen esquecerse de producións máis ambiciosas (películas para televisión, por exemplo) en coproduccións con outras canles, especialmente coa FORTA.

4. Descoñezco qué argumentos técnicos poden impedir a posta en marcha dunha segunda canle. Pero, de calquera xeito, os problemas técnicos se amañan sempre con vontade política e unha dotación orzamentaria axeitada (temos moitos exemplos, moito menos necesarios ao meu xuízo).
5. Estou convencido que unha segunda canle sería enormemente rendible cultural e socialmente. Económicamente posiblemente non o sexa durante moito tempo (a primeira canle continúa arrastrando déficit e ninguén cuestiona a súa existencia), agás para os milleiros de traballadores das empresas galegas e artistas e profesionais independentes que ían traballar para ela producindo contidos.
6. Sen ningún tipo de dúbidas, porque estamos a falar dunha canle con contidos cento por cento producidos por empresas e profesionais galegos (agás certas coproduccións, no que baixaría a porcentaxe). Se non vai a ser así, mellor non facer nada.
7. Só unha : o seu Director Xeral (e equipo de goberno) no debe ser un cargo político imposto por ningún Goberno, nin tan sequera polo Parlamento, senón un cargo técnico que debería ser escollido entre os profesionais e recaer noutro profesional de recoñecido prestixio (e por mandatos breves)

ANTÓN REIXA - Productor e Director

1. Sí é necesaria unha segunda canle por dous motivos : equiparar no posible á oferta en galego a outras linguas e por unha cuestión de necesidade cultural de creación de contidos e tamén industrial
2. Existe unha demanda social de maior oferta televisiva, pois cada vez máis o público opta pola televisión de pago para ter unha maior variedade de contidos. É necesario unha oferta aberta
3. Unha segunda canle debería ser máis especializada, por exemplo, cunha maior oferta documental
4. Non, de ningún tipo
5. Si na medida en que sanearía a oferta para os anunciantes ó poder ubicar mellor os anuncios. Tamén sería rentable porque permitiría amortizar produtos que xa hai en Galicia
6. Tampouco é decisivo porque o audiovisual galego agora afronta outros retos como non ser un sector de autoconsumo, aínda que si é certo que cantas máis vendas de emisión haxa, máis produción vai haber.

7. A resistencia que atopamos á hora de crear unha segunda canle é máis ben de carácter político, ou tamén a de outros intereses privados de canles de televisións locais, por exemplo, que poden ver dalgún xeito unha competencia desleal con esta hipotética segunda canle, pero é necesario afrontar esta discusión.

A lóxica é que esta segunda canle vaia a ser mellor.

PANCHO CASAL - Productor/Membro de AGAPI (Asociación Galega de Productoras Independentes)

1. Evidentemente un segundo canal es posible y necesario. Si no se pone en marcha es únicamente por una decisión política contraria

La cultura de Galicia y la industria audiovisual necesitan imperiosamente esta nueva ventana. Hay una parte importantísima de dicha cultura y de dicha industria que no tiene cabida en TVG por un lado por motivos de audiencia y por otro por capacidad industrial. Teniendo en cuenta que TVG es la televisión de más bajo presupuesto con mucha diferencia entre las autonomías con cultura propia, creemos que en absoluto sería un despilfarro

2. Evidentemente hay una demanda social que pide el acceso a un canal en gallego de la cultura que no está representada en Luar, Supermartes, las series de ficción o el fútbol. La música gallega, la literatura, el teatro, los cortometrajes, la información alternativa, el resto de deportes, la economía, las empresas, la cultura gallega en el mundo, etc deben tener el escaparate que se merecen

Por otra parte los miles de jóvenes gallegos que están formándose en el audiovisual no pueden estar condenados a la emigración. No podemos perder a la parte más dinámica de nuestra juventud, que conformará la imagen futura de nuestro país

3. Ya lo contesté en la anterior pregunta

4. Por supuesto ninguno. Podría empezar a emitir simultáneamente en digital terrestre y analógico. O es que el espacio radioeléctrico (parámetro físico y universal) es más reducido en Galicia como lo es nuestro nivel de vida con respecto a la mayoría de Europa

5. Económicamente no como no lo es la sanidad o la educación. Si lo sería a la larga ya que ampliaría la capacidad de promoción de muchas industrias gallegas como la de la cultura. Si se apuesta por las productoras independientes emprendedoras en vez de las

asistencialistas que sólo viven del dinero público gallego, esta inversión puede ser un capital semilla que multiplique cada euro invertido por medio de las coproducciones

6. Evidentemente, en parte ya lo he contestado en la anterior pregunta. El quid de la cuestión es que se cuente mayoritariamente con las productoras que realmente quieren luchar por un mercado, para las que este pequeño capital semilla puede ser decisivo

7.

JORGE COIRA -Director

1. Coa opinión coa que estou máis dacordo é coa terceira (“3ª : Galicia ten unha lingua, cultura e realidade social diferenciada, e polo tanto debería dispoñer xa dunha segunda canle. Somos a única comunidade con lingua e cultura propias que aínda non disfruta de segunda canle”). Creo que é posible unha segunda canle, que sería bo para conseguir unha maior pluralidade nos contidos e desde o punto de vista económico, trátase só de facer unha boa xestión.

2. Non creo que haxa unha forte demanda social, así como non a había cando se creou a TVG. O que si creo que existe é público dabondo para uns contidos máis amplos que os que actualmente se ven na nosa canle e que atoparía un lugar perfecto neste segunda canle da que falamos

3. Estou dacordo coas primeiras opinións (“ a programación da segunda canle debería apostar pola complementariedade respecto da primeira canle : programas culturais ou de servizo público de carácter máis minoritario...Debería ofrecer unha programación específica: unha cadea con identidade propia e dirixida a públicos concretos, sen perder vocación de audiencia maioritaria...Debe ofrecer unha programación que se alonxe do formato comercial e resoste a un target diferente, máis selectivo e formado sen criterios de audiencia”) : unha oferta culturalmente aberta e afastada dos requerimentos propios das televisións privadas. O modelo para min máis interesante sería o Channel 4 británico

4. A tecnoloxía é cada vez máis asequible e creo sinceramente que non sería preciso engadir moito máis equipamento técnico ó xa existente na TVG para poder abrir unha segunda canle.

5. Estou dacordo con que o criterio económico (por suposto moi importante) non é o único a ter en conta e os obxectivos que inspiraron a TVG seguen vixentes e a creación dunha segunda canle axudaría a acadalos.

Por outro lado, creo que unha televisión pública deber ser necesariamente deficitaria. Debe haber, claro está, un control sobre os orzamentos, pero unha televisión pública non debe ter entre os seus obxectivos o superavit económico. Para iso están as privadas.

6. Sen dúbida. Se a programación e a comisión de contidos faise con criterios profesionais, por suposto que axudaría ó desenvolvemento do noso sector.

7.

DAVID MARTÍNEZ - Productor

1. A realidade social e cultural diferenciada de Galicia esixe unha política de apoio a esta diversidade nun mundo globalizado: a creación dunha segunda canle pode favorecer esta política ó permitir incluír nos medios de comunicación públicos outras realidades ou perspectivas. Unha visión da realidade galega máis poliédrica (cunha segunda canle) favorecerá a normalización da lingua e a aproximación gobernantes-gobernados, suporá un pulo democrático

2. Penso que si existe esta demanda social de algunhas minorías

3. Buscar outros targets de audiencia, en particular minorías sociais e culturais, na liña da segunda canle de TVE ou Canal Arte

4. Non hai impedimentos técnicos nen legais, aínda que si pode ter sentido por criterio de oportunidade esperar á TDT

5. Non debería basearse no criterio de rendibilidade senón no de utilidade pública

6. Si sen dúbida, permitiría unha diversificación maior de produtos que facilitaría a competencia técnica das empresas proveedoras de TVG

7.

Mª XOSÉ PORTEIRO – Deputada do PSOE no Parlamento Español

1. Galicia, como comunidade histórica ten dereito a plantexar unha segunda canle pero debe estudarse con cautela o momento. Debe ser aquel máis conveniente desde o punto de vista dos orzamentos precisos, e ter en conta que non redunde en detrimento de necesidades básicas para os cidadáns
2. Non semella que este sexa un debate aberto no seo da sociedade galega o cal non supón que os poderes públicos deban renunciar a ter iniciativas se estas son positivas para o interese público
3. A programación da segunda canle debería apostar pola complementariedade respecto da primeira canle: programas culturais ou de servizo público de carácter máis minoritario...
4. Tería de ser unha canle que aproveite ó máximo as novas tecnoloxías
5. A segunda canle debería plantexarse como un xeito de optimizar os moitísimos recursos públicos que nestes intres se adican á CRTVG e que non cumpren os obxectivos desexables nun ente público destas características
6. É probable que si, e mesmo permitiría ampliar o traballo no eido documentario e divulgativo que ata o de agora é practicamente inédito no sector en Galicia
7. Debería estudarse que nesta hipotética canle houbera espacio para a adquisición de experiencia práctica, tanto dos alumnos das diferentes licenciaturas existentes en Galicia no eido da comunicación, como das titulacións artísticas superiores

MANUEL FERREIRO – Director El Ideal Gallego

1. Considero que non sería necesaria por dúas cuestións fundamentais. Dun lado, a económica, posto que o custo dunha segunda canle televisiva sería moi elevado e, polo de agora, Galicia ten outras prioridades. Amais, o momento é de renovación tecnolóxico, polo que tampouco sería oportuno o nacemento da canle. Por último, nestes intres, o Goberno central está a prepara-lo deseño final da televisión pública, posto que non se sabe se terá publicidade, se se financiará a través dun canon....Até que todo estea clarificado non sería un bó momento

2. Penso que polo de agoa non é un debate prioritario nin existe unha demanda obxectiva que xustifique a creación da segunda canle
3. A programación da segunda canle debería apostar pola complementariedade respecto da primeira, por suposto sen perde-lo carácter de servizo público e cunha especial atención ós programas culturais, pero sen caer no erro de converterse nun ghetto para selectas minorías
4. Supoño que non. En todo caso, habería que ter moi claro cal sería a tecnoloxía dixital que se vai utilizar e, polo tanto, agardar á implantación desta modalidade
5. Penso que existen outras necesidades no país, por iso, considero que resultaría excesivamente cara a segunda canle
6. É de supoñer que si. Pero o sector audiovisual non pode limitar a súa produción e potencialidade á existencia dunha segunda canle galega. O audiovisual galego ten demostrado dun xeito sobrado que cando a produción é boa non existen barreiras nin idiomáticas nin políticas que a limiten. Hai moitos exemplos de producións que obtiveron notable éxito xa non fora de Galicia, senón tamén fora de España, por iso, aínda que por suposto a maior necesidade de contidos podería axudar ó sector, non é fundamental para o seu desenvolvemento
7. Como xa sinalei, polo de agora non hai unha necesidade imperiosa de crear unha segunda canle. Incluso, nas comunidades nas que está en marcha, na maioría dos casos, trátase de ruinosas aventuras que non teñen ó respaldo do público

MANOLO ABAD - Director e Realizador

1. A Televisión de Galicia é unha televisión “de titularidade estatal” (Lei da Terceira Canle de Televisión), e dicir, pública, que nace para “ a promoción e difusión da Cultura e Lingua Galega, así como a defensa da identidade da nacionalidade galega” (Lei da Compañía de RadioTelevisión de Galicia).

Como tódalas televisións públicas debateuse e debátese entre o seguimento destes principios e a consecución dunha audiencia suficiente que xustifique a súa propia existencia. Dado o brutal marco competitivo no que se desenvolve o actual panorama televisivo, caseque tódalas televisións consumen a maioría dos seus recursos neste segundo obxectivo, e dicir, en manterse cunha presenza (audiencia) digna dentro do seu correspondente territorio

televisivo. Ante esta perspectiva, a aparición das segundas canles demostrouse para tódalas televisións públicas como unha solución axeitada para seguir coa defensa dos seus principios fundacionais. Cando esta alternativa ou complemento da Segunda Canle non existe, prodúcese o desequilibrio que está a pasar en Galicia, cunha programación que ten que atender a súa audiencia “maioritaria” en detrimento de outro tipo de contidos que se ven relegados a franxas cada vez mais alonxadas do “prime time”. E isto acaba fatalmente influindo na imaxe que o público acaba tendo da súa televisión no sentido, por un lado, de non diferenciar suficientemente a súa oferta televisiva, e por outro de identificalo cuns obxetivos rurais ou excesivamente folclóricos. Así pois, a necesidade dunha segunda canle é irrefragable pola experiencia xa acadada nas autonomías e países onde ésta existe: precísase desta canle como complemento e alternativa ós contidos necesariamente comerciais da primeira canle que é a que ten que conseguir os índices de audiencia necesarios para a súa propia existencia

2. O igual que a TVG foi a dinamizadora de toda unha infraestrutura técnica que fai que o audiovisual sexa hoxe un dos sectores estratéxicos de Galicia, falta o segundo impulso que cree toda unha estrutura cultural e formativa que alimente de contidos, plástica, estética e imaxinación a todo este entramado en formación.

Por outra parte, existe unha gran demanda social de públicos (urbano, xuvenil, etc.) que non se sinten representados nas actuais “grelas” de TVG

3. Xa que as televisións xeneralistas diríxense sempre ó mesmo tipo de audiencia cunha idade media avanzada, que vive en núcleos de poboación medios ou rurais e con estudos básicos; habería que ir a un público mais urbano, xove e con inquiredanzas culturais ou formativas, e dicir, a unha audiencia que non chega ó 10% de “share”. Un público moi parecido o habitual cosumidor de Plataformas Dixitais ou cable, pero sin necesidade de ter o seu poder económico.

En definitiva, o modelo que están a seguir a maioría de tódalas segundas canles de tódalas televisións de España e parte de Europa. Curiosamente, os canais internacionais de Televisión de Galicia para Europa e América son unha especie de xerme (obrigado) do que pode ser este tipo de programación : o non ter os dereitos a nivel mundial de partidos de fútbol, películas de cine,

series estranxeiras, etc., éstas substitúense por produción propia, documentais, reportaxes, etc. que configuran unha “parrilla” de programación alternativa.

O difícil é moverse entre os dous extremos: que non se converta, por unha banda nunha televisión elitista, e por outra nunha televisión de produtos de desecho

4. Estamos ante unha transición fundamental entre o analóxico e o dixital. Cóntase que nun máximo de 10 anos, dependendo dos países, en Europa producírase o famoso “apagón analóxico”. No noso país, incluso as expectativas son máis optimistas a curto prazo. Nese contexto caben dúas posibilidades, ou empezar as emisións en analóxico ata que se produza a transición e logo pasar a dixital (esto poden ser moitos anos, lémbrese a historia da famoso tecnoloxía UMTS da que aínda estamos a espera); ou empezar directamente en dixital. A segunda possibilidade, aínda que moitísimo máis económica desterraría a canle a unha audiencia moi minoritaria de usuarios de Tv por satélite e de televisión Dixital Terrestre, ata a xeneralización ou implantación definitiva do sistema dixital.

5. Evidentemente, non se buscan criterios económicos na creación dunha segunda canle como a que se está a plantexar. De tódolos xeitos, estes existen, por un lado, o ter os produtos de produción propia unha maior rendibilidade, e por outro, publicitariamente, o sumarse os dous canais e conseguir así unha maior audiencia xeral da cadea. De tódolos xeitos, o que se pretende e que a súa estrutura e mantemento sexa o menos gravosa posible ó aproveitar o máximo os recursos e infraestrutura da canle existente. Nese sentido, e solo nese sentido, o plantexamento dunha canle totalmente dixital dende o principio, reduciría enormemente os custes

6. Non se trata tanto de potenciar a industria audiovisual galega, que ten que competir por si mesma en produtos comerciais para cadar máis mercados que o meramente interior, senon de acadar unha mellor calidade da mesma. E, curiosamente, isto pode conseguirse desenvolvendo unha estrutura cultural e formativa análoga e paralela á técnica e administrativa que se está producir.

A máis formación e cultura, máis orixinalidade e máis imaxinación; armas todas elas necesarias para un maior enriquecemento propio co fin de acadar unha maior potenciación fora das nosas fronteiras

7.

JORGE ALGORA Director-Realizador y Vicepresidente de AEGA (Asociación de Empresas Galegas do Audiovisual)

1. La Televisión de Galicia cuenta con un reducido presupuesto y con una deuda que lo reduce aún más, ello origina una demora muy importante en sus compromisos actuales y bloquea nuevas iniciativas.

Si se aumenta el presupuesto del primer canal y se dota de suficientes recursos al segundo apoyamos su creación como reivindicación histórica y ante la necesidad que se creará con la próxima concesión del segundo canal digital

2. La presión de la audiencia condiciona en exceso la parrilla del primer canal. Un segundo canal que diera cabida a otras sensibilidades obtendría muy buenos resultados principalmente en el público de las ciudades

3. Debe estar especialmente orientada a públicos urbanos y podría incluir programación en otras lenguas

4. No tiene sentido constituir ahora otro canal analógico; hay que esperar a la implantación de la Televisión Dixital Terrestre, aunque proponemos un avance del nuevo canal utilizando las nuevas tecnologías

5. El Parlamento Galego debería incrementa-los orzamentos de la TVG

6. Dependerá de su diseño y presupuesto. El sector necesita estabilidad, un apoyo sólido y bien dirigido de su televisión. Un segundo canal si podría contribuir a que los gallegos conozcan que es lo que produce su sector audiovisual

7

ALFONSO EIRÉ – Director A Nosa Terra

1. A creación dunha segunda canle é unha simple decisión política da Xunta de Galicia

2. Hai un tipo de publico obxectivo que demanda unha segunda canle en Galicia....

3. Debería de ofrecer unha programación específica : unha cadea con identidade propia e dirixida a públicos concretos, sen perder vocación de audiencia maioritaria.....
4. Debe ser unha canle que aproveite ao máximo as novas tecnoloxías (TDT, Internet) e polo tanto pódese comenazar agora, utilizando as dúas licencias dixitais concedidas a CRTVG como viveiro de formatos e proxectos específicos e non agardar a que se implante a tecnoloxía dixital
5. Por tratarse dunha canle de servizo público, non se debería buscar só a rendabilidade económica senon a cultural e social....
6. Optimizando os recursos existentes na TVG, poderíase poñer en marcha cunha importante produción propia, o que non quere dicir que non servise tamén para potenciar o sector audiovisual privado
- 7

XOSÉ CERMEÑO – Guionista

1. A segunda canle ofrece un espazo para asuntos e informacións de interese social que non sempre teñen sitio nunha canle única. Creo que é unha utilidade importante, sen necesidade de buscar razóns históricas nin aldraxes comparativas
2. En Galicia non existe unha demanda consistente de nada relacionado coa cultura, a lingua, a comunicación
3. A segunda canle pode ter sentido para reforzar a televisión de servizo público: debates parlamentarios, información sectorial, foro de debates, deportes minoritarios....
4. Non creo que existan hoxe impedimentos técnicos importantes para poñer en marcha novas canles. Pode haber, con todo, razóns de oportunidade técnica, en función dos cambios que se están producindo ou a piques de producirse: apagón tecnolóxico
5. Non é rendible a primeira e única canle en galego.....Difícilmente o pode ser a segunda
6. Non creo que o futuro da industria audiovisual galega estea na produción para o consumo interior
- 7.

EULOXIO RUIBAL – Presidente de AELG (Asociación de Escritores en Lingua Galega)

1. Se verdaderamente desexamos potenciar a nosa lingua e a nosa cultura, de ningunha maneira se pode admitir máis demora na posta en marcha dunha segunda canle de Tv en Galicia
2. Hai un público culto e intelixente ignorado, desasistido. Os que detentan o poder teñen a obriga moral (e política) de atendelo
3. Cómpre unha programación totalmente en galego, que proporcione información seria e veraz, e encha o tempo de lecer con amenidade, intelixencia crítica, modernidade.....
4. Máis que argumentos técnicos, penso que existen técnicos en pseudoargumentos para seguir adiando a cuestión
5. Non ten porque ser deficitaria. En todo caso, o que de verdade interesa é a rendabilidade sociocultural
6. Penso que si, xa que dificilmente unha canle pode manterso tan só con produción propia
- 7.

ARTURO KRESS – Músico

1. No hace falta un segundo canal, si no un segundo y tercero y así no diríamos : ¡ como en el resto de las Comunidades Autónomas!, ellos dirían : ¡Como en Galicia!
2. Tal y como está la parrilla de la TVG actualmente, lo que sobra es demanda social y cultural y lo que falta son ganas de captar nuevos sectores de audiencia
3. Que sea un segundo canal no quiere decir de segunda fila como un cubo de basura donde van a para las sobras del primer canal, un canal alternativo con contenidos culturales (de todas las épocas, estilos y etnias), didácticos, flexibles y para todos los gustos no creo que sea para un público minoritario
4. Yo tengo una tele que recibe muchos canales
5. Eso depende de los empresarios y no de los músicos
6. Si, si no va todo para los mismos de siempre, y se les da una oportunidad a los que se dejarían la piel por hacer un buen trabajo sin pensar sólo en el dinero
- 7.

CARMEN IGLESIAS – Directora escola O Raio Verde

1. Temos que ter en conta que tódalas outras comunidades autonomas triplicáanos en número de habitantes, e polo tanto sí poden facer fronte ó gasto que supón ter unha segunda cadea autonómica.

Se esta segunda cadea vai a ser exclusivamente pública non sería rentable levala a cabo xa que non daríamos mantido tanto funcionariado, pero se participa a inversión privada, a cousa xa cambia.

2. Penso que a pregunta correcta sería a quen iría dirixida. Pensemos que actualmente a maior parte da poboación galega son as persoas maiores, que sí demandan unha tv máis enfocada cara eles. Por outra banda, a xente nova dirixe as súas preferencias cara outros medios como pode ser o Internet ou cara outro formato de programas como o “Gran Hermano”. Se esta segunda canle vai estar enfocada ós intelectuais, realmente non sería rentable.

Se as televisións locais funcionasen correctamente non habería a necesidade dunha segunda canle, xa que non sería máis que outra TVG

3. Esta pregunta debería ir dirixida máis ben ó público en xeral, xa que eu teño unha visión sesgada, pois as miñas preferencias culturais serían medio-altas e non teñen por qué coincidir coa maioría do público. Por iso, prefiro non contestar

4. Non, pero, obxectivamente, se queremos ter unha 2ª televisión técnicamente boa, tería un coste moi elevado, e polo tanto, dende o punto de vista da financiación pública, non sería rentable. Coma dixen antes, a cousa cambiaría se entrase a inversión privada.

5. Creo que esta pregunta xa está contestada coas anteriores

6. A potenciaría se realmente eses traballos fosen ben pagados. Fixémonos no caso das televisións locais que realmente potencian moi pouco a industria ó pagar pouco tanto polos traballos como polos profesionais que fan eses traballos.

Cando non se ten os cartos necesarios para facer as cousas ben, o mellor é quedar como estamos.

7. Considero que poder expresar correctamente a miña opinión sobre este tema sería necesario que se fixese un estudio económico real, de audiencias, de a quen vai ir dirixido, de se existe mercado real, etc..por parte da Academia, por exemplo.

XOSÉ LUIS BARREIRO RIVAS – Catedrático de Ciencias Políticas na USC

1. A creación dunha segunda canle da TVG non me parece un obxectivo prioritario e relevante, e en ningún caso debería preceder ao feito de termos acadado un modelo de xestión que evite a descarada invasión da CRTVG póla Xunta. Se imos a continuar con este modelo de TV sempre será millor ter unha soa en non dúas.

Os obxectivos básicos da TVG, definidos na Lei de Creación da CRTVG, son despreciados olímpicamente en cada minuto de emisión, a calidade cultural e lingüística da TVG é lamentable, e a súa incidencia no proceso social e político está baseada nunha visión partidista e un reparto de influencias e prebendas establecido no Consello de Administración que non parecen corrixibles. E ao mesmo tempo tamén parece que os profesionais, especialmente nos postos de dirección, xa teñen asumido o principio anti-ético da obediencia debida, que lles permite progresar profesionalmente a base de facer unha das peores televisións de Europa. Por eso hai que ter calma e serenidade antes de comprometer o diñeiro dos galegos, non vai a ser que en vez de ter unha canle para a manipulación política e cultural máis descarada acabemos tendo dúas.

2. En absoluto. A xente non demanda para nada a segunda canle, que só pode interesarlle aos políticos que pensan manipularla e aos profesionais que ven abrirse un novo campo de oportunidades á costa do erario público

3. As segundas canles sempre foron pensadas para potenciar os contidos culturais de calidade, e os programas informativos e documentais. En algún caso, como sucede en Euskadi, as dúas canles están pensadas, con moita racionalidade, en función da accesibilidade lingüística da audiencia (Canal en euskera e canal en castelán). Pero esa argumentación non vale para Galicia, onde o 100% da poboación pode acceder a canle única. Xa que logo, non tendo capacidade, nin gusto, nin intención, nin recursos para mellorar a canle actual, non ten sentido que abordemos a segunda

4. A técnica permite poñer en funcionamento dúas ou duascenas canles. Pero esa é unha pregunta que no día de hoxe carece de sentido. Os problemas teñen outra entidade distinta

5. Sería perfectamente posible se a sanidade se sigue deteriorando, se seguimos tendo as universidades peor financiadas de España, se non se repoñen as señais de solo das carreteriras, se non se rematan as autovías ou se fan todas de peaxe, se as escolas non se concetan a Internet, se seguimos tendo o proporción de residencias da terceira idade máis baixa de España, se o patrimonio artístico se sigue deteriorando ou arranxando con criterios tan efímeros e discutibles, etc, etc, etc.

6. Sería sacar cartos dun queixón (público) e metelos noutro (privado). Non se trata de ter industrias dependentes do financiamento público, senón de crear empresas competitivas que mobilicen o mercado. A resposta á pregunta é sí, pero ese sí non é necesariamente algo positivo

7. Non teño mais aportacións que facer

MIGUEL VÁZQUEZ FREIRE – Director revista Golfiño

1. Se non existe un previo compromiso sobre os contidos e especialmente, sobre a efectiva autonomía e a independencia da TVG con respecto ao poder político, unha segunda canle acabaría sendo máis do mesmo. Sen embargo, dada a evidente deficiencia actual en contidos culturais da actual programación da TVG, absurdamente orientada a unha inútil competencia coas televisións privadas, de darse aquelas condicións (compromiso cuha programación de servíicio público orientada a contidos culturais e de calidade, autonomía e independencia, control efectivo desa autonomía e independencia por parte do Parlamento) unha segunda canle podería e debería se un obxectivo a afrontar

2. Se a demanda se valora nos termos propios das televisións comerciais xeneralistas (que só miden como demanda o que é solicitado por máis dun 25% da audiencia), é obvio que non existe esa demanda. Pero xustamente unha televisión pública debería concibirse en función doutro tipo de demanda social: a da atención á diversidade, a da promoción da diversidade e creatividade culturais. Esta demanda si existe e a ela debería responder esa segunda canle

3. Polo que fun diciendo antes, é obvio que eu defendo un modelo de programación orientada cara a públicos diversificados, capaz de asumir riscos estéticos que nunca afrontarán as tv privadas, cun compromiso coa difusión cultural e a pluralidade ideolóxica
4. Confeso que carezco de competencia e información sobre os aspectos estritamente técnicos da posible implantación dunha segunda canle
5. Unha tv pública non debe rexirse por criterios de estricte rendibilidade. Non obstante, entendo que tampouco é aceptable un modelo como os das actuais televisións públicas, fundadas nun déficit público desmesurado e paradoxicamente ao mesmo tempo orientadas cara a unha programación descaradamente comercial. A 2ª canle debería promoverse (no caso de que tal promoción fose afrontada) a partir dun serio estudio de viabilidade económica que, sen buscar a obtención de beneficios, evitase incrementar o déficit público. Penso que tal cousa podería ser viable
6. Este podería e mesmo debería ser un obxectivo para unha segunda canle, aínda que non tanto desde un punto de vista estritamente comercial ou industrial como de calidade. Pero para iso debería someterse a reconsideración o réxime de contratación por parte da TVG, que debería fundarse en criterios obxectivables e transparentes nun grao que na actualidade parece que non sempre se dá
7. En xeral, é claro que na actualidade o tecido cultural galego (desde a difusión do libro ata o cine, a banda deseñada, as artes plásticas ou o teatro...quizais sexa tan só a música a única actividade que, en parte, parece escapar desta serie crise) padece un déficit moi significativo. Se a 2ª canle ten algún sentido (e para que o tivese, remito de novo as precondicións expresadas no punto 1), sería xustamente en tanto que elemento dinamizador dese tecido, o que desde logo inclúe o coidado e promoción dun dos nosos máis prezados tesouros patrimoniais : a nosa lingua

XAVIER ALCALÁ – Profesor Asociado do Departamento de Tecnoloxías da Información e as Comunicacions da Universidade da Coruña

1. Desde os comezos da TVG fixéronse estudos de viabilidade dun segundo servizo de TV que agora se vai facilitar sobre a capacidade ociosa que ofrece a dixitalización. A intención é vella

2. Existe. Hai un devezo de canle dedicada a aspectos de cultura e visión do mundo que non collen na programación da actual TVG
 3. Modelo de TV “civilizadora”, capaz de proxectar coñecementos que non se contemplan nas xeneralistas
 4. Cómpre esperar ás posibilidades técnicas da dixitalización : multiplicidade de canais sobre a mesma estrutura de sinais portadores
 5. Débese dar un servizo público cun gasto mínimo. A optimización da razón servizo/custo depende do modelo
 6. Esa debe ser unha das razóns para a súa creación. Debe ser un laboratorio de probas da produción audiovisual galega feita con obxectivos de exportación
 7. Nunca haberá medios galegos dabondo para compensar a influencia dos que traen produtos feitos fóra de Galicia
- Cómpre mostrar ó mundo con perspectiva galega e mais mostrar a realidade galega ao mundo

LUIS ÁLVAREZ POUSA – Profesor da Facultade de Ciencias da Información da USC e Director da revista Tempos

1. Reafírmome na necesidade de ampliar o máis posíbel os instrumentos tecnolóxicos que permitan crear/reforzar o “espacio galego de comunicación”, sen o que dificilmente poderá contar Galicia no espazo social e comunicacional europeo. A posta en funcionamento dunha segunda canle da TVG contribuiría a conseguir ese obxectivo. Malia que, por mor dunha mala redacción do apartado do Estatuto relativo ós medios de comunicación – copiado do catalán, que ten a mesma eiva, non así do vasco, que o permite- teñamos dificultades legais para levalo a cabo. Pero contamos co precedente catalán, que o impuxeron no seu día. Pola vía dos feitos consumados
2. Que non exista debate na sociedade galega sobre a necesidade de crear unha segunda canle, non quere dicir que non sexa necesaria. Tampouco hai debates sobre outros moitos obxectivos económicos ou socioculturais, ou mesmo medioambientais, e sen emabrago non deixan por iso de ser necesarios e por iso reivindicados polas cada vez “mais grandes minorías sociais”. ¿Existe un debate na sociedade sobre a necesidade dun forte

sector audiovisual en Galicia? Non. Pero a mesma existencia dunha Academia do Audiovisual visualiza esa necesidade – por non falar aquí de outros moitos motivos que o xustificuen -. Lembro sen embargo, que o da segunda canle é unha reivindicación das minorías cultas desde hai anos, especialmente do sector cultural – e non esquezamos que o da cultura é un sector que ten cada vez máis presenza no desenvolvemento do PIB –

3. Que deberá estar orientada a públicos urbanos é inevitábel: A Galicia do inmediato futuro será maioritariamente urbana (andamos xa polo 70 por cento da poboación galega). Pero iso non debe condicionar o feito de que a segunda canle sexa, tamén, unha TV nacional galega e en galego. O modelo debería definirse con calma, e con moita intelixencia. Tería a súa propia identidade, e conseguintemente respondería a un modelo de servizo público (carácter nacional, accesibilidade a toda a poboación, satisfacción das diferentes necesidades de grupos e minoría, non comercial, forte compoñente informativa e cultural, innovación, salvagardando unha ética de antena e empresa....)

4. Abogo porque se bote man da mellor tecnoloxía. Evidentemente, debería proxectarse esta segunda canle tendo en conta a revolución dixital en marcha. E ten sentido que se aproveite xa, unha das licencias que ten a CRTVG

5. O rendemento social (vertebrador, socializador) e cultural estaría garantido se o modelo responde finalmente a unha TV se servizo público. O seu financiamento debería estar cuberto, xa que logo, polos orzamentos da comunidade autónoma. Por outra parte, se se fai unha TV innovadora e informativamente útil (polo que se deberá esixir de entrada cambios nos estatutos – o estatuto marco, español- e o estatuto da CRTVG, porque cos actuais nunca sería posíbel una TVG2 coas características de servizo público apuntadas), acabará tendo a credibilidade que precisa para facela atractiva e publicitariamente útil tamén. Eses cambios implicarían á súa vez redefinir (definir por ver primeira máis ben) o modelo de TV pública – TVG1, TVG 2,...- para Galicia

6. Evidentemente. Non só porque se incrementase o consumo de TV, e conseguintemente se acrecentasen os proceso productivos, infraestructuras, creativos e artístico, en xeral. Tamén porque por primeira vez se faría real o “feito diferencial” a través de producións de calidade, exportables e explotable nos circuitos internacionais

7.

JORGE MAHÍA – Director de Marketing de Caixa Galicia

1. Galicia debería tener un segundo canal de televisión, pero no en las mismas condiciones que el actual y con un diferente posicionamiento. No creo que se deba repetir un planteamiento ni siquiera parecido.

Debemos buscar otro tipo de canal, por explicarlo muy sencillamente, algo así como la 2 para la Primera

2. No lo creo, principalmente porque el target de la actual TVG no demanda un segundo canal y por otro lado la potencial audiencia de ese nuevo canal no está hoy creo en ese debate. Pero realmente esa necesidad seguro que está latente en la juventud urbana gallega (y no urbana) y en la clase media con nivel cultural medio/alto gallego, sólo hace falta un chispazo que la despierte

3. Debería ser un canal absolutamente complementario del actual en cuanto a contenidos y por tanto en cuanto a audiencia (público joven, urbano, moderno, abierto...). Repetir el mismo formato que el actual no tendría mucho sentido, hay que buscar un producto que no canibalice el actual y que pueda tener un mercado en el panorama televisivo español.

Para mi es válido el símil de algo como la 2 para la Primera, aderezado con la vocación de cultura e industrias gallegas (en gallego, con contenidos creados en Galicia, con un objetivo de difusión por y para la sociedad gallega)

4. Realmente no tengo datos, habría que analizar el nivel de inversión exigible con la tecnología actual y el período de amortización del mismo en función de la futura implantación digital. Desconozco ese dato

5. Creo que sería muy difícil lograr una mínima rentabilidad de ese canal. Igualmente creo que su objetivo debería ser otro, si realmente somos capaces de establecer esos objetivos cualitativos, intentando buscar las mínimas pérdidas económicas. Y considero que ambas directrices deben presidir su gestión : “fomento” de la cultura, arte, industria....gallegos, pero manteniendo una gestión económica muy racional. No se puede crear a cualquier precio, en otras palabras no se puede convertir en un canal que se dedique a mantener una estructura del sector audiovisual subvencionada, que carezca de una mínima demanda que justifique su existencia

6. Sin lugar a dudas y realmente existe ya actualmen un sector capaz de satisfacer las demandas de contenidos de un hipotético

canal, y lo que es más, con un potencial de crecimiento muy importante.

Pero cuidado, me repito en lo mencionado anteriormente, no debe ser un sector subvencionado, un paro encubierto y una estructura anquilosada y trasnochada

7.

JOSÉ MARÍA POUSADA – Director da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Telecomunicación da Universidade de Vigo

1. As dúas opcións con matices. Non vexo que sexa unha urxencia neste momento. Coa migración a TV Dixital o modelo de distribución de canles vai cambiar radicalmente. Non vexo a demanda social, e a migración dixital traerá de xeito natural esta posibilidade

2. Xa o dixen no apartado anterior

3. Non vexo necesaria unha canle en español. A situación social do galego e do vasco non teñen nada de parecido

4. Xa está dito

5.

6. Non vexo axeitada unha segunda canle simplemente como subvención encuberta do audiovisual galego

7.

XAIME FANDIÑO – Decano da Facultade de Ciencias Sociais e Comunicación da Universidade de Vigo, Campus de Pontevedra

1. A reivindicación dunha segunda canle xurde en principio por mimetismo coas políticas levadas a cabo neste sentido polas outras autonomías con televisión propia e quizáis, pola incapacidade dos xestores das televisións públicas autonómicas de acadar un modelo para a primeira canle que de verdade atendera o espírito que inspirou a creación destas emisoras. Principios que, en tódolos casos, foron aprobados nos parlamentos respectivos.

Tal é así que, por exemplo, no caso de ETB a segunda canle (a máis vista) emite a súa programación en castelán, cando unha das finalidades das emisoras públicas en autonomías con lingua propia

debe se-lo apoio a unha das principais señas de identidade como é a atención á lingua autóctona da comunidade.

En moitos casos unha segunda canle pode servir como un refuxio onde programar unha serie de produtos que, aínda que complementarían de forma óptima a primeira cadea, estorban os programadores públicos para o desenvolvemento dunhas estratexias unicamente pensadas para acadar *shares* competitivos co fin de entrar en competencia no mercado da publicidade.

As preguntas que se me prantexan ante a posta en marcha dunha segunda canle son : ¿cál vai a se-la política que inspire este proxecto? ¿cáles serán os resultados reais unha vez que estea en funcionamento? ¿convertirase nun reducto para plateamentos endogámicos?, ¿será unha nova posibilidade de financiación dunha industria cautiva e dependente de cuotas de participación sólo por ser galego, ou por utilizar o galego como lingua sen ter en conta a calidade dos produtos? ¿os programas e as pezas emitidas terán unha calidade estandarizada e competitiva ou pola contra valerá calquer cousa con tal de que teña aspecto de segunda canle?.....

2. Claro que existen públicos obxectivos para unha programación alternativa distinta á oferta que leva facendo TVG a partir dos anos 90. Non olvidemos que a Televisión de Galicia foi unha cadea chea de ilusión, urbana que, sen despreza-lo rural, foi pioneira en contidos orixinais durante os primeiros anos da dúa implantación. Desgraciadamente sufriu unha involución e hoxe atópase atendendo práctica e exclusivaente os gustos dunha audiencia cautiva, moi estable eso sí, debido a que os hábitos e intereses deste segmento (xente maior, do rural) son moi previsibles e por tanto moi fácil de programar con éxito.

Unha demanda social colectiva para unha segunda acanle penso que non existe. O público máis urbano critica, ou non ve, a cadea autonómica. Quizais se a primeira canle galega tivera unha política programática interesante as audiencias poderían solicitar máis opcións. Non hai confianza nin expectativas coa referencia actual. As audiencias pregúntanse ¿vai ser máis do mesmo?, ¿será un caixón desastre que teñamos que pagar con fondos públicos?

O talante demóstrase con feitos e a referencia da nosa primeira canle non axuda a que se forme unha demanda social e colectiva importante interesada nunha segunda opción, aínda que nos ámbitos culturais e nos relacionados coa produción audiovisual poida existir unha actitude positiva neste senso

3. Se as políticas de programación fosen consecuentes coa finalidade para a que foi creada a emisora pública quizáis non fixera falta unha segunda canle. A demanda de algúns sectores da sociedade reivindicando esta ventá vai no senso de que “non se atopan representados no canal autonómico”.

Esta nova emisora tería que proporcionar unha programación de calidade atendendo á pluralidade social mediante unha cobertura transversal informativa, de entretenemento e divulgativa demandada en tódolos ámbitos da sociedade galega.

Se non existe un deseño claro das políticas programáticas a canle podería converterse nun caixón de sastre onde vaian a parar por un lado, os *stocks* e as reposicións da emisora e por outro unha serie de obras de dubidosa calidade colocadas por unha serie de mini productoras que, á sombra deste novo presuposto demanden o dereito a unha cuota de participación só por desenvolver a actividade audiovisual dentro do noso ámbito territorial. Unha perversión deste tipo provocaría que, a nova canle, en principio concebida como unha ventana de calidade, chegue a converterse nun lugar marxinal sin interes para ninguén.

4. Unha canle non se pode crear só porque existan condicións técnicas como espacio radioeléctrico. Unha nova canle ten un custo importante se se quere facer con calidade non con produtos de stock e reposicións, para isto xa temos a emisión internacional da TVG, polo tanto é fundamental antes de inciar calquera actuación neste ámbito facer unha reflexión sobre cales son as carencias que ten a primeira. Unha vez subsanada a programación desta emisora poderemos ver que áreas e espazos quedan desatendidos e planificar unha segunda, terceira, cuarta...canle. ¿Por qué non?.

O importante e saber se estas ventanas van a cubrir unha necesidade comunicativa e cultural demandada polo país ou son creadas con outros fines.

A carencia do espacio radioeléctrico tan recurrido na era analóxica non é un problema hoxe para a creación dunha emisora, O verdadeiro desafío que se plantexa de cara ó futuro é coñecer cal vai a se-la forma de consumir os produtos audiovisuais nun modelo de converxencia tecnolóxica.

O mellor cando rematemos esta discusión en pro dunha canle para Galicia de televisión tradicional, aunque dixital, podamos atoparnos que o noso prantexamento quedou algo obsoleto.

5. Se a segunda canle ten que responder os parámetros de calidade e dispensar unha atención real e plural da sociedade será, con toda seguridade economicamente deficitaria. Pero a rentabilidade non ter porque ser mesurada unicamente desde unha óptica económica. Se a canle consegue ser unha referencia real para o colectivo de habitantes galegos, (¿porqué non se consegue desde a primeira?), será un primeiro paso para a súa consolidación como símbolo referente da comunidade.

No caso de que poida dubidarse da rentabilidade dun canal ben pergeñado desde a súa creación podemos citar o sempre recurrido tema de Channel 4. Este modelo anglosaxón pode ser considerado como un bo referente ou punto de partida para a creación e deseño dun proxecto serio e comprometido para Galicia. Channel 4 atende tanto á sociedade como a industria autóctona de produción de contidos cujos productos traspasan as fronteiras convertíndose nunha referencia nos mercados internacionais.

Un modelo de canal, como o citado, cunha orientación dirixida a experiencias de I+D+I orientadas ó desenvolvemento de contidos audiovisuais e estratexias de comercialización pode acadar a medio prazo unha rentabilidade económica importante se consegue superar unha delicada fase de consolidación

6. Pensar na segunda canle unicamente como unha ventana de difusión é un erro. A distribución dos productos a través dunha rede, ben sexa dixital ou analóxica, terrestre ou satelital e só o fin dun proceso. As etapas de desenvolvemento e produción dos productos e formatos son as que verdaderamente aportan talento e valor engadido dentro da industria, polo tanto é inseparable, tal e como se plantexa esta industria rexional, ou canal autonómico das políticas de desenvolvemento da industria autóctona.

Neste senso unha política adecuada para unha hipotética segunda canle, sempre que non se pervirta o modelo, contribuiría a potenciar e consolidar a nosa industria.

O sector tería que dirixir os seus obxectivos a medio prazo cara a súa interconexión por medio dunha referencia de marca, tanto no tocante a distribución dos productos nos mercados como ós sistemas de financiación. Unha consolidación da industria no ámbito das coproducións e relacións internacionais co sector permitiría ás empresas fortalecerse e non ter unha dependencia excesiva das axudas oficiais da autonomía.

7. Calidade. Independencia. Programación atractiva: información, formación, entretenemento. I+D+I. Motor de desenvolvemento en

novas experiencias : desenvolvemento de novos produtos para os actuais mercados, desenvolvemento de novos produtos para a converxencia tecnolóxica, distribución internacional de obras e formatos, comercialización e marketing da industria (Imaxe de marca).

Como está a suceder noutros sectores da industria que apostan por estratexias de I+D+I e urxente e necesario dentro do sector audiovisual o desenvolvemento de *spin-offs* (viveiro de empresas) no que participen directamente equipos de investigación de excedencia das universidades para consolidar e dar forma e entidade a unha industria innovadora para un mercado internacional

MANUEL GONZÁLEZ – Profesor de Comunicación Audiovisual na Facultade de Ciencias Sociais do Audiovisual da Universidade de Vigo, Campus de Pontevedra

1. Personalmente considero que si Galicia non conta hoxe cunha segunda canle como o resto das Comunidades Autónomas con lingua propia, débese unicamente a nula vontade do poder político da Xunta de Galicia. A idea de implantar unha segunda canle vive latente na sociedade galega, agromando a súa reivindicación na medida que apareceron diferentes canles complementarias noutros territorios de características similares : Euskadi (1986), Cataluña (1988), Andalucía (1998), Valencia (2000) e Madrid (2001). Non hai xustificación para que a TVG sexa a única televisión autonómica que aínda non ofrece aos seus cidadáns unha segunda canle. Ao longo dos dez últimos anos houbo tentativas institucionais desde o Consello da Cultura Galega (1993) e propostas parlamentarias dos partidos de oposición, que foron silenciadas axiña pola negativa rotunda do goberno galego, que “non consideraba necesaria unha segunda canle” que permitirá o establecemento de mais fiestras audiovisuais para a promoción da lingua e cultura do país. En realidade, a negativa evidencia que a estratexia mediática do poder político persegue o obxectivo de ter “controlados” aos segmentos sociais clienterales que lle son mais favorabeis

2. Descoñezco os motivos obxectivos (estudos de mercado, enquisas, etc) argumentados polos que afirman taxantemente “que

non existe demanda dunha segunda canle de TVG”. Unha afirmación así debería ser acreditada con datos científicos e argumentos sociométricos. Mais ben semella ser unha disculpa – como no caso dos motivos técnicos – para dilatar unha decisión inexorable no decurso do tempo futuro. Vivimos nunha sociedade pluralista e democrática : simplemente examinando e contrastando os datos da audiencia actual da Televisión de Galicia, un representativo número de analistas e profesionais da comunicación coincide unánimemente que existe un amplo sector da poboación que non se sente “representado” na grella actual da TVG. Nos derradeiros anos, a historia da televisión demostra que os espectadores saudaron positivamente tódalas novas “fiestas” que se lle abriron no salón da casa. Por suposto, opino que unha segunda canle sería ben percibida e aceptada pola cidadanía, especialmente entre sectores sociais non representados nas actuais grellas da TVG, dando cabida a producións audiovisuais alternativas que reflectan o pluralismo e dinamismo da sociedade galega.

3. Na miña opinión a instauración “hixiénica” dunha segunda canle requiriría unha reformulación do concepto de “televisión pública”, así como a profesionalización da estrutura de xestión da CRTVG, garantía dun funcionamento democrático ao servizo de cidadanía e non do partido de turno no poder. Un exemplo podería ser a aplicación da rexeitada (2002) proposición de Lei de Iniciativa Popular para a modificación do sistema de control da TVG que sancione a pluralidade e profesionalización do Consello de Administración e non instrumentalice politicamente a figura do Director do ente público.

Si a pesares da perversa e anómala situación actual se insistira en “construir” un modelo de segunda canle, na miña opinión debería ofrecer unha grella estilizada, con identidade propia, (non un simple contenedor, refrito de programas ou unha televisión “cultureta” para minorías), na procura de targets diferentes da primeira canle. Os criterios de audiencia non serían os *únicos* utilizados na elaboración das grellas de programación. Nos seus contidos terían cabida programas innovadores, mediante a posta en funcionamento de novos proxectos, formatos e equipos creativos, partindo dun plan minuciosamente elaborado e consensuado con criterios de participación aberta do conxunto social e de profesionais do sector.

4. Esgrimir razóns técnicas e outro dos argumentos tópicos habituais cando non se ten vontade para innovar e avanzar, dificilmente asumible nos tempos que corren. Si a CRTVG dispón de

frecuencias en dixital terrestre qué mellor ocasión para iniciar agora mesmo unha liña de traballo que “invente” o futuro – o exemplo de “La otra” de Telemadrid marca un dos vieiros nos que inspirarse-Do contrario será como sempre: a improvisación como marca dominante da posta en valor da/s “nova/s canle/s”.

Ademais un dos argumentos mais publicitados da propaganda oficial da CRTVG e o éxito da súa páxina web – según afirman unha das mais visitadas de Galicia -. Así pois, ¿por qué non escomenzar emitindo en Internet (como *La otra*, por exemplo), conformándose como banco de probas de ideas e proxectos ata cadar unha identidade propia?

5. Obviando o vello debate da rendabilidade económica versus rendabilidade cultural e social das televisións públicas, o custe dun proxecto – como no resto dos sectores industriais – estará en relación coa escala, modelo de xestión e programación escollido, en función dunha estratexia a medio e longo prazo. Os balances económicos das segundas canles actualmente en funcionamento ofrecen resultados dispares, porque cada unha delas parte de supostos e prácticas diferentes. Considero que se debería estruturar un proxecto de canle de baixo custe en principio, que non fose excesivamente gravoso para o contribuinte; considerando ademais que a inversión publicitaria tamén está interesada en captar audiencias selectivas e mercados específicos que terían un millor acobillo baixo o paraguas dunha televisión urbana, innovadora e participativa, orientada cara targets dinámicos mais novos e de elevado consumo

6. Ignoro si a creación dunha segunda canle “*necesariamente*” debe impulsar a industria audiovisual galega (¿acaso a TVG non forma parte dela?). E unha falacia relacionar a segunda canle con maior dependencia da industria audiovisual galega respecto do mercado interno: Unha segunda canle con identidade propia no que agromaran novas sensibilidades audiovisuais, representaría unha grande oportunidade para proxectos innovadores e formatos creativos de televisión, que en definitiva son os que interesan á boa parte da industria audiovisual do planeta. Ou ¿acaso o tipo de productos *demandados* pola actual TVG teñen algunha posibilidade mais alá do Padornelo?. A industria audiovisual debe ser innovadora para ser competitiva e se non dispón de fiestras de emisión axeitadas “na propia casa” dificilmente poderá facelo fora das nosas “fronteiras”. Algúns dos programas mais innovadores da TVG foron emitidos en horario imposible segundo “aleatorio e misterioso” criterio dos programadores da TVG. Polo demais, un

repaso histórico á evolución da televisión en España revelaríanos a enorme incidencia industrial e cultural que tivo no seu momento a creación da segunda canle de TVE, como banco de probas no que se formaron un número significativo dos actuais profesionais da industria audiovisual española.

7.

PITI SANZ - Música

1. ¿Temos dabondo con unha canle?...Home, dabondo temos tamém con ningunha...tecnolóxicamente descoñezco con exactitude a situación
2. Evidentemente a sociedade interesaríase pola segunda canle (e moito) no momento de crearse...non antes...non esquezamos que falamos de tv pública non de pago
3. Eminentemente cultural
4. Descoñezco o tema tecnolóxico
5. Crear competencia a un mesmo sempre lle dou bos reultados ás empresas....
6. O sector audiovisual privado en Galicia é un espellismo...prácticamente todo él depende da TVG , con dúas canles que alimentar é evidente que potenciaría o audiovisual galego
7. Calquera opción que implique calidade en contra de audiencia (aínda que son factores que van da man...cando nos decataremos) paréceme OK

MIGUEL ANXO FERNÁNDEZ – Historiador e Crítico de cine

1. A existencia dunha segunda canle provoca sempre un efecto positivo no sector, na audiencia e sobre todo no contexto dun país que precisa da súa normalización cultural. Para este obxectivo dunha segunda canle, e xa que a primeira traballa cuns obxectivos máis dispersos neste eido, é fundamental. Non temos porque tomar como referencia ás demais televisións autonómicas, pero sen dúbida que Galicia careza de segunda canle é un agravio comparativo intolerable. Non hai escusa

2. Sen dúbida, a actual TVG marcouse uns obxectivos de audiencia moi concretos e determinados que a meu xuízo priorizaron en exceso a procura de share competitivo, esquecendo o seu mandato recollido no Estatuto. O seu obxectivo fundamental é a contribución á normalización cultural, pero iso pasou a un plano secundario. Tal cousa trouxo un desarraigo con relación a TVG do público máis urbano e mesmo da mocidade, que non se sinte reflectido nos seus contidos. Hai demanda dunha segunda canle, sen dúbida. Que o sector agarde pola 2ª canle na crenza de que lle abrirá cotas de mercado, paréceme un erro. Na 2ª canle non estará o negocio, estarán os contidos (que non teñen porque ser negocio)

3. A cuestión é espiñenta porque a meu xuízo unha 2ª canle deberá responder a un modelo propio, nunca en referencia á primeira canle. O tópico di, que as trapalladas van na primeira mentres a 2ª deixase para as élites. Outro erro. Tampouco me parece axeitado caer na dicotomía público urbano/público rural (entre outras cousas porque o chamado rural é un concepto moi abstracto, xa que cada vez en moitas zonas do país, o rural – a periferia – acolle a xente máis culta e máis nova). O que si me parecería positivo sería a creación dun Comité de “sabios” (para entendernos, que o de “sabios”, depende) que suxerise, tutelase, controlase e todo o que se queira, a súa independencia e a súa calidade. Crear unha 2ª canle para convertela nun gueto sería outro monumental erro. A cultura e o divertimento non son incompatibles.

4. Non controlo o tema, pero ese paréceme un debate estéril. Non hai impedimento para unha 2ª canle, iso téño claro.

5. Non entendo a fixación no tema da rendibilidade económica. Hai outra rendibilidade que deben procurar os cartos públicos: a rendibilidade social e cultural. Que a 2ª canle este ben administrada é compatibe coa súa calidade, por iso me parece un erro espallar a idea de que o sector audiovisual galego vexa nela só un negocio ás portas. Os impostos dos galegos ben poden diferenciar unha 2ª canle que traballe a prol da súa cultura e da súa identidade.

6. Naturalmente que potenciará ó sector porque permitirá que produtoras pequenas (que non tenderetes...), técnicos, profesionais en xeral, teñan oportunidade de desenvolverse. Estará na súa capacidade para facturar produtos dignos e competitivos a clave para potenciarse. A 2ª canle será tamén un laboratorio de ideas, e iso é tamén negocio (ben entendido). Hai unha batería de contidos que agardan. Aí está o desafío do sector. A idea de creer que a 2ª canle será outra vaca que muxir será outro erro a evitar, e

deberá ser o propio sector quen se propoña impedir semellante práctica.

7. Que Galicia rompera dunha vez por todas a baralla da sospeita que se estende sobre tódalas televisións públicas e que sexamos capaces de facer unha 2ª canle a prol da diferenza, e podemos aportala desde unha 2ª canle. Se quen a dirixa é capaz de superar o trauma que lle supón que un programa de prime time só faga 20.000 espectadores, pero a cambio eses 20.000 eleven a súa autoestima de galegos e cidadáns, moito teremos avanzado

XOSÉ RAMÓN BARREIRO – Presidente da Academia da Lingua

1. Galicia, do mesmo xeito ca outras comunidades autónomas, debe ter unha segunda canle de televisión, especificamente destinada a dar cobertura á nosa realidade cultural.

Debe ser o suficientemente vangardista para non reproducir unha cultura museística.

2. O certo é que, vistos os índices de audiencia de La Dos de Televisión Española, haberá que deducir que os dunha posible segunda canle na Televisión de Galicia, non serán mellores. Pero hai unha demanda social constituída por sectores do ensino, da cultura, do asociacionismo, que teñen dereito a ver atendidas esas demandas. Da pericia e da capacidade do equipo director desta canle dependerán, en boa medida, os índices de audiencia.

3. Debe ser unha programación específica, con identidade propia, en galego exclusivamente e orientada a toda a sociedade

4. Penso que neste momento é posible e deberíase comezar a traballar neste camiño

5. Non sería rendible economicamente, pero debe enfocarse como un servizo público cultural. O déficit debería ser cuberto da forma que o Parlamento considere axeitada

6. Sen dúbida, favorecería a industria audiovisual, o cine, o teatro galego, as empresas editoriais, etc.

7.

JAVIER OTERO LLOVO – Director Localia Tv Galicia

1. Hai outras prioridades. Esta CRTVG non é rendible para o país e moito menos se atendemos exclusivamente a súa rendibilidade dende o punto de vista económico. A CRTVG conta cun presuposto

de 120 millóns de euros (20.000 mil millóns de pesetas) dos que soio 18 millóns aproximadamente son xenerados pola propia Compañía. Antes de se plantexar unha segunda canle haise que preguntar se necesitamos unha CRTVG como a que temos ou, dito de outra forma, ¿necesitamos unha televisión como a que temos? ¿é xusto que paguemos 120 millóns de euros por esta TVG?

2. Non. E unha reivindicación creada polo propio sector audiovisual
3. Se a Tv nos costa 102 millóns de euros por qué ten que ser unha tv como a que é
4. Sería conveniente agardar á implantación da Televisión Dixital Terrestre
5. Nunha tv pública nunca se pode valorar a súa rendabilidade en termos económicos, aínda que haxa que plantexarse se os rendementos sociais compensan polo coste económico que teñen. Eu creo que en Galicia temos hoxe dabondo cunha canle e mais pensando no que hai que reformala
6. Si. Pero penso que sería un camiño demasiado costoso.
- 7

JULIO FERNÁNDEZ – Productor e Distribuidor

1. Galicia debe ter máis canles autonómicas. A implantación da TDT ten que permitir que en Galicia exista unha maior oferta televisiva autonómica. Se a maior oferta ven dada por unha segunda canle ou máis canles entendemos que esta decisión depende da capacidade que teña Galicia para rendabilizar esa nova canle
2. Galicia merece dispor dunha maior oferta televisiva
3. As novas canles teñen que presentar programacións específicas. As televisións xeralistas xa cubren as necesidades principais do espectador. A segunda canle debe satisfacer outras necesidades máis específicas
4. Se outras comunidades autonómicas disfrutan dunha segunda canle, Galicia non tería por qué ser menos
5. Cunha oferta televisiva moi axustada ás expectativas, moi posiblemente acadaría un bo nivel de rendabilidade, sobre todo se existe un convenio concertado coas institucións en todo o referido ós contidos culturais

6. Por suposto que se potenciaría a industria audiovisual galega e trátase diso, de crear unha segunda canle que impulse as produccions galegas de contenidos. Cantas máis canles haxa, máis cabida haberá para os produtos e máis traballos se realizarán

7. As novas tecnoloxías permitirán desenrolar canles con implantación en toda Galicia pero con operadores descentralizados en A CORUÑA, LUGO, OURENSE, PONTEVEDRA, VIGO E SANTIAGO. Se estas realidades responde a un Plan Director no que participen os grandes medios de comunicación e a industria audiovisual galega podrá garantir a súa sostenibilidade económica

JOSÉ OCTAVIO RODRÍGUEZ – Director TVE-Galicia

1. Nestes momentos, a reivindicación chega tarde e non compensa salvo por intereses económicos/financieros, dados cambios que se van producir, crear unha televisión analóxica que ten coma público obxectivo o mesmo que ten a TVG na actualidade (personas maiores de 65, mulleres, de ámbito rural,...)

2. Existe unha demanda do sector e dunha parte da sociedade por facer máis plural a oferta televisiva en Galicia. Facer unha segunda canle non garante polo mero feito de ter outra cadea que esa oferta se pluralice

3. Debería estar orientada a públicos urbanos

4. Descoñezo se existen este tipo de argumentos, pero supoño que iniciado xa o século XXI non sería moi difícil utilizar tecnoloxías máis avanzadas para facer unha segunda canle. Nese sentido, son máis partidario de darlle participación ó sector audiovisual galego a través do cable, cunha canle en aberto

5. Non debe ser tan costosa, pola gran cantidade de material existente, pero si debería ser máis innovadora. En calquera caso, a rentabilidade debe medirse non só en termos económicos senón tamén sociais e de interés xeral

6. Potenciaría o sector sempre e cando non se nutríse só das produccions xa feitas e non emitidas dos últimos anos (que según dín son bastantes). O abuso das produccions en directo, informativos, deportes, etc. van en detrimento das produccions audiovisuais de maior envergadura e coste

7. Fomentaría a aparición de novos valores (directores, guionistas, produtores, etc.) no sector se os contidos se diferencian dos actualmente en emisión pola primeira canle. A existencia de tres universidades e escolas de imaxe e son con límites de prazas de alumnos garante o interese dos xoves por este sector

XOSÉ LÓPEZ - Membro do Consello da Cultura Galega e Profesor na Facultade de Ciencias da Información na USC

1. E necesario ampliar o número de canles de televisión. Hai que facer un plan estratéxico para o sector público audiovisual no que contemple unha redefinición de modelo e de número de canles

2. Hai demanda do sector e os cidadáns valorarían positivamente esta medida. Pedirán que sexa axustada nos custes económicos. Por iso hai que facer unha reformulación xeral da CRTVG

3. Unha programación para inmensas minorías e de calidade. Ten que ser un novo modelo, distinto os paradigmas máis inmediatos (a segunda de TVE). Ten que coller unha parte desa formulación, pero cun proxecto máis xeral e que sume os esforzos de moitos sectores

4. Hai que dar os pasos precisos. Como estamos nunha fase de tránsito do analógico ao dixital, convén enmarcar xa o proxecto no audiovisual e ter todo listo para poñelo en marcha canto antes

5. A rendabilidade debe ser social. Hai que dimensionala ben, eso si, cun presuposto axustado e que se cumpra. O incumprimento xeralizado debería non só penalizar, senón amenazar o modelo e a propia existencia da canle. Segunda canle si, pero cun proxecto económico serio e para cumprilo

6. Sempre. A existencia dunha nova canle pública aumentaría a demanda. Pero esa non é a solución nin a única solución. Sería un reforzo no actual motor do audiovisual, unha potenciación que necesita apoiarse noutros eixos, noutros motores, nos mercados exteriores e na conquista dos usuarios posibles

7. Facer un proxecto destas características esixe deseñar un modelo coas seguintes fases:

a) Novo modelo para os medios públicos da C. Autónoma. Deseño de modelo de contados de cada canle. Proxecto económico e sistema de financiamento.

b) Novas canles. Proxecto económico de cada unha e sistema de financiamento.

d) Debate do proxecto inicial con amplios sectores.

e) Redacción dun modelo definitivo e búsqueda de apoio de tódolos partidos políticos con presenza na Cámara galega.

REESTRUCTURAR OS MEDIOS PÚBLICOS CUN NOVO MODELO QUE CONTEMPLE MÁIS CANAIS

O debate sobre a creación dunha segunda canle de televisión para Galicia entra de novo na axenda mediática a comezos do ano 2004, da man dunha proposta da Academia Galega do Audiovisual. Trátase dunha cuestión sobre a que, desde finais dos oitenta do século XX, houbo pronunciamentos de diferentes sectores. O Consello da Cultura defendeu nesas datas a creación dunha segunda canle para completar o modelo que naquel momento se estaba asentando e que tiña como referente o modelo de Televisión Española cos seus dous canais máis coñecidos.

Foi un pronunciamento claro que non acadou o apoio preciso das forzas políticas para establecer o marco legal que fixese posible esa nova oferta televisiva e para establecer as prioridades que permitisen o comezo das emisións. A partir da proposta do Consello da Cultura Galega unha forza política, o PSG-EG, levou, a través do Grupo Mixto, a iniciativa ó Parlamento galego. No debate quedou claro que non había vontade para dar ese paso e que habería que avanzar en varias fronteiras antes de volver intentalo. Sobre todo, era necesario un maior desenvolvemento do sector audiovisual, unha definición do modelo de xestión da CRTVG, a consolidación do modelo de financiamento e maior interese nas forzas políticas para apoiar a proposta da segunda canle.

Desde finais dos oitenta e comezos dos noventa as cousas mudaron bastante no hipersector da comunicación. Da man da tecnoloxía dixital, a converxencia das telecomunicacións, a informática e a industria de contidos creou un novo escenario que herdou moitas cousas do modelo industrial, pero que fixo desaparecer moitas fronteiras. A información e o coñecemento convertéronse en cuestións nucleares do novo modelo mentres o mapa de medios aumentou, a vertente comercial adquiriu maior protagonismo e os profesionais da comunicación asistiron a numerosos cambios non só relativo ás ferramentas coas que preparaban as mensaxes, senón nas propias técnicas para confeccionalas.

Ninguén que hoxe formule unha reflexión sobre o número de canles de televisión públicas para Galicia pode deixar de lado esta nova realidade, que se parece pouco á que coñecemos a finais dos

oitenta. Non se pode entender o presente e o futuro da comunicación sen a dixitalización, que trouxo novos soportes e novas fórmulas de codificar as mensaxes. Pero hai algo máis: no horizonte está a converxencia de medios e unha reformulación do papel de cada un dos soportes tradicionais que coñecemos no século XX.

Hai que dicilo con claridade: o < sistema informacional > está nunha profunda transformación. Internet sentou un novo < paradigma comunicacional > e a multimedia chegou como unha nova opción que abre vías á interactividade. O panorama tradicional dos medios de comunicación atravesou unha fase de importantes e rápidos cambios nesta primeira etapa de definición do modelo mediático da Sociedade da Información e o Coñecemento. E neste escenario de cambios tódolos datos apuntan a que a comunicación audiovisual terá un papel estelar. Con todo, hai moitas dúbidas neste escenario de oportunidades que se anuncia e convén buscar proxectos con gran apoio social para camiñar polo vieiro que marca a tecnoloxía dixital.

É por iso que a Sección de Comunicación do Consello da Cultura Galega, que celebra tódolos esforzos por incrementar a oferta de medios en galego, anima a tódolos actores do hipersector a orientar o debate cara a reestructuración dos medios públicos da Comunidade Autónoma para definir un modelo que responda ás necesidades actuais, que teña visión de futuro e que asegure a multiplicación de canles de distribución audiovisual en galego.

Desde a Sección de Comunicación trabállase con este obxectivo desde o ano 1998, cando nunha publicación do Consello da Cultura (A Comunicación en Galicia 1998), fixou un decálogo de mínimos para o deseño dun plan estratéxico para a Comunicación no noso país. No punto dous apuntábase: < Redefinir o modelo de medios públicos que precisa o país no novo escenario mundial, as súas dimensións, as fórmulas de financiamento e as contribucións que pode e debe facer a Comunidade autónoma. Estes medios deben defender unha filosofía intercultural, asegurando a cobertura de espazos e definindo a identidade dos produtos como reclamo e como modo de participar en pé de igualdade >.

Cinco anos despois, consideramos vixente esta proposta que pretende que tódolos actores interesados formulen propostas concretas sobre o modelo de medios que defenden, o número de canles, o sistema de financiamento e as vías de participación social. A partir desas propostas, habería que abrir un debate sobre os

<mínimos comúns> dese modelo para tentar deseñalo e acadar un gran acordo das forzas políticas para a súa aprobación.

A reestructuración dos medios públicos, que parece unha solución razoable e responsable aos problemas que presenta o actual modelo, hai que facela no escenario dixital e cun proxecto de futuro. É dicir, calquera modelo que se propoña contemplará máis canles. E o Consello de Cultura Galega, a través da súa Sección de Comunicación, bríndase para colaborar nese debate, para participar nos estudos precisos para redeseñar o modelo e para estudar as características da novas canles.

O Consello da Cultura Galega sempre foi un foro de reflexión e debate propio dunha institución que busca a dinamización da cultura galega. A Academia Galega do Audiovisual e tódolos actores do hipersector da comunicación contan coa colaboración da Sección de Comunicación do Consello da Cultura Galega para traballar na redefinición do modelo de medios públicos da Comunidade autónoma e na busca de vías para multiplicar a oferta de medios de comunicación en galego.

Xosé López

Coordinador da Sección de Comunicación

Consello da Cultura Galega

Compostela, 23 de xaneiro de 2004

XOSÉ HENRIQUE RIVADULLA “CORCÓN” – Guionista e Presidente de AGAG (Asociación Galega de Guionistas)

1. A grandes trazos haberá que dicir que si existe a TVG é para exercer un traballo necesario en defensa da cultura galega, para garantir a súa existencia e para propiciar o seu desenvolvemento. Neste sentido o nacemento dunha segunda canle que afonde máis neste obxectivo paréceme unha reivindicación xusta.

Se os galegos queremos estar no mundo cunha presenza relevante e aportando a nosa singularidade ao seu desenvolvemento global, debemos dotarnos dos medios precisos para elo, e sen dúbida a televisión é un dos medios máis axeitados e necesarios. Unha segunda canle debería favorecer este obxectivo

2. Parece que na actualidade a audiencia da TVG pertence a un segmento da poboación moi concreto, que poderíamos definir como fundamentalmente rural, o que non penso que resulte en si negativo, pero fai que o segmento de poboación urbano dea, nunha

medida considerable, as costas a TVG, pero non a unha canle autonómica que os tivera en conta, polo tanto a miña conclusión é que si existe a demanda social da 2ª canle, pero unha demanda moi concreta, unha canle que atenda a este segmento de poboación urbano que a actual canle parece non atender

3. O primeiro que teño que expresar é que me parece un retroceso dramático para a pervivencia da cultura galega o feito de que chegara a existir unha segunda canle en español (Vivimos nun momento crítico para o idioma galego, sinalado incluso pola UNESCO). A comparación coa realidade en Euskadi non serve, por que o emprego do galego e do euskera nos seus respectivos territorios é moi diferente, a favor do galego, e con diferenza do euskera o galego é comprendido a nivel práctico pola totalidade da poboación galega.

En canto ao contido da 2º canle, creo que debería vir a paliar a deficiencia de contidos creativos e culturais que hai no canle existente. Non digo que na TVG non haxa contidos deste tipo, pero si que son insuficientes. ¿Onde están os programas sobre teatro, literatura, artes plástica, musica galega...?

4. Non son en absoluto un coñecedor das necesidades técnicas que se precisan para poñer en marcha unha canle de televisión. Pero aplicando a lóxica entendo que o exemplo das Comunidades Autónomas que contan xa cun segundo canle e suficiente para pensar que non é real que existan argumentos técnicos que impidan poñer en marcha a segunda canle

5. A televisión pública debe entenderse como un servizo ao cidadán e nese sentido falar de rendibilidade penso que vai contra o propio concepto de servizo público. Ademais o concepto de rendibilidade non ten que abarcar exclusivamente o ámbito económico, hai que pensar na rendibilidade cultural e social, e xa que se pregunta pola rendibilidade penso que unha segunda canle, cos contidos expresado na resposta a pregunta 3, sería claramente rendible social e culturalmente falando

6. Esta cuestión interésame menos, pois pode dar a sensación de que os profesionais do audiovisual galego perseguimos xustamente isto, e non é así.

Penso que por unha cuestión de simple aumento da demanda de producións o sector veríase potenciado, pero esto non é o que debemos perseguir, senón que se vexa potenciada a sociedade no seu conxunto e a cultura na que se desenvolve, como creo que se vería potenciada cunha segunda canle

7. Todo aquello que veña a servir como afianzamento e potenciación da cultura galega, e o enraizamento nela da sociedade, peréceme un esforzo necesario. Polo tanto se pensamos nunha segunda canle que afonde no propio Estatuto da CRTVG, esta será imprescindible para Galicia

BEATRIZ LEGERÉN – Productora multimedia

1. Si es interesante y sería conveniente contar con un segundo canal. Pero este debería ser digital, no tiene sentido invertir un dinero que no hay en clonar lo que ya tenemos y es claramente deficitario en cuanto a contenidos de interés para una parte de la población gallega. Daría salida a contenidos desarrollados en la comunidad que no se pueden ver por el canal actual. Permitiría comenzar a experimentar con la televisión digital previendo el apagón analógico, y permitiría a las empresas generadoras de contenidos realizar más contenidos y mas innovadores

2. Creo que hay un público que demanda el segundo canal, ya que lo que se emite en el actual no es de su interés. Ese público es el de las ciudades, con inquietudes culturales, público plural que busca alternativas a lo que hoy en día ofrece la televisión pública

3. La programación de este segundo canal debe apostar por la complementariedad con el actual, programas culturales, o de servicio público.

Pero no por ello deben dejar de ser programas que respondan a criterios de audiencia o rentabilidad, pasa porque los baremos que se deben aplicar deben ser diferentes a los de la televisión emitida por el canal actual

4. No creo que existan impedimentos técnicos para poner en marcha el segundo canal. Es más, considero que debido al apagón analógico, la puesta en marcha del segundo canal, permitiría experimentar y comenzar con la transición a lo que será la televisión digital terrestre

5. Considero que para hablar de segundo canal no debemos tener en cuenta solo criterios de rentabilidad, aunque tampoco debemos olvidarlos. Considero que un segundo canal permitiría optimizar la actual plantilla de la RTVG (dedicando parte de los recursos actuales a este nuevo canal), permitiría aprovechar las ventajas económicas que dan las nuevas tecnologías, sobre todo si tenemos en cuenta que el público al que se debería dirigir el nuevo canal es consumidor de las mismas.

Por ello posiblemente, a corto plazo la puesta en marcha del segundo canal sería más rentable, e incluso podría paliarse parte del déficit actual que tiene la televisión autonómica, dando salida a productos que se encuentran en stock actualmente, a la creación de nuevos productos y nuevos formatos si tenemos en cuenta la televisión interactiva

6. Sin lugar a dudas ya que entre otros aspectos y como comentábamos en párrafos anteriores permitiría experimentar con nuevos formatos, permitiría emitir programas desarrollados y que actualmente no tienen salida en la pantalla única

7. Después de todo lo comentado, considero que los criterios que deben regir a la hora de tomar la decisión de un segundo canal, deben ser los de mejorar los servicios que debe dar una televisión pública, entre ellos y el prioritario la pluralidad.

Hay que tener criterios de rentabilidad pero no para ganar, si no para perder (la televisión pública la mantenemos todos y a todos debe dirigirse), y sobre todo debe hacerse porque se considera necesario e importante (nuevos contenidos), no porque otros/as (comunidades autónomas) lo haya puesto en marcha.

Aunque en este último caso y si se va a copiar busquemos aquello que funciona, es decir hagamos un estudio en condiciones antes de implementar nada.

SUSO DE TORO - Escritor

1. A comunicación audiovisual non é xa un “luxo”, unha mera distracción, senón que é o instrumento para organizar a vida cidadá, a cultura, a economía...Unha sociedade sen medios de comunicación propios non é dona de si nin ten posibilidades de desenvolverse social e economicamente. A segunda canle é o instrumento para fomentar a educación, a experimentación de ideas, de estéticas...Un país que só teña unha canal de TV é un país de pensionistas e un país que non ofrece futuro aos seus fillos. Un país que seguirá a facer emigrantes

2. Non sei se existe esa demanda nin me importa. Seguro que non existe demanda tampouco de desenvolver a investigación médica, electrónica, informática, química..., e sen embargo son imprescindibles. Se un gobernante toma como desculpa que non hai demanda social de algo que é imprescindible para unha sociedade moderna daquela é que non entende nada, ou peor

aínda, finxe non entender nada. E daquela está a perjudicar fríamente á sociedade

3. Non teño pensado os contidos. Mais ten que servir para que se poida ver como nun espello os sectores sociais do noso país que hoxe non sintonizan a TVG. Ten que ser para os que non vemos “Luar” nin “Supermartes”

4. Non existe argumento técnico ningún

5. ¿É rendíbel unha opinión que se dirixa directamente aos sectores sociais máis ilustrados, novos e modernos? Claro que o ten. É a máis rendíbel en termos sociais. Outra cousa é se hai quen ve a TV únicamente como un instrumento de control electoral dunha poboación ágrafa e envellecida

6. É o instrumento mínimo, mínimo, para formar profesionais, talentos e desde logo canalizar o traballo das empresas audiovisuais

7.

MARGARITA LEDO – Catedrática de Comunicación Audiovisual e Publicidade na Facultade de Ciencias da Información da USC

1. A televisión pública tén a obriga da pluralidade e da contemporaneidade non só de contidos como de rexistros e propostas. Alén dos modelos comerciais, unha segunda canle enténdese como <cultural> porque non se mide pola rendibilidade económica se non social. É dicir, porque garante o acceso á produción audiovisual de creación, en calquera dos seus ámbitos incluído o informativo, da que un autor se responsabiliza e que entra en relación cun público porque existe a televisión. É dicir, porque ampla o dereito á expresión e ao debate. Porque lle abre portas ás xanelas

2. Ninguna sociedade que se pense como tal se nega a sí mesma posibilidades de expresión, dun outro tipo de tratamento da información ou de explorar modos de contar e de nos relacionar como espectadores. O que adoito faltan –ou están agachados– son os espazos onde lle dar corpo a determinadas demandas. Por exemplo, o da segunda canle habería que facelo pola televisión

3. Coido que habería que contemplar unha canle intercultural, que contemplara a construción dun espazo televisivo da lusofonía como activo no sistema-mundo, con todas as variantes lingüísticas

que dende Galiza ate Brasil pasando por Mozambique nos advirten de que custións como a co-produción e a difusión dependen da capacidade para imaxinar novos circuitos con outras expectativas das que moven as mercancías estándar

4. Teño para min que todos os contra-argumentos son políticos. Porque unha segunda canle implica tamén unha Autoridade Independente, un Consello do Audiovisual de corte non burocrático, libre do goberno –é dicir da Xunta - e nutríndose de persoas expertas para poder cumprir o seu cometido. Entendo que calquera debate debера comezar por este pequeno <motivo>

5. Coma en calquera emprendemento estáanse a promover modelos de <baixo orzamento> que se basean na chamada Nova economía da información e da comunicación e que, de modo sobranceiro, converten a custión da identidade e da excepcionalidade cultural en reclamo e en mercado. Neste caso, a rendibilidade non pode pensarse á marxe nen dos recursos, do modelo nen do momento

6. Se mesmo a nivel de directivas europeas se lle dá instrucións ás televisións para programar e investir en obra europea semella obvio que unha canle de modelo cultural dinamizaría un tipo de produto hoxe relativamente marxinal, ben porque se dirixe a pequenos públicos, porque é experimental, ou porque, simplemente, é de autor descoñecido

7. Imaxino a segunda canle como a posibilidade de que, finalmente, unha sociedade poida se relacionar e se enfrentar consigo mesma. Sen outros mediadores. Sen outros censores

NANI GARCÍA – Música

1. Unha segunda canle é necesaria pola propia demanda do mercado que nos leva a un modelo de televisión con temáticas contrastadas e contidos diversos, con distintas ofertas e calidades. De este modo quedarían cubertas as necesidades propias dunha cultura e unha sociedade diferenciada con lingua propia e expresións propias derivadas de está circunstancia

2. Pode ser mais ou menos minoritaria pero é un sector de con criterio de calidade o que o demanda. Está reivindicado por unha parte da sociedade que vai máis alá do sector audiovisual e que reclama constantemente elevar o nivel de calidade da programación. A longo ou medio prazo isto vai repercutir na mesma calidade da primeira canle e na cultura audiovisual do país en xeral

3. Posiblemente o target debe ser por contraste e poder chegar de este modo a un maior número de galegos. Ten que haber “dirixismo” por criterios de calidade, e non dar saída ao stock de produción porque sí. (Iso sería entrar en políticas de remendos dos que xa temos de abondo na primeira canle). Cada lingua ten as súas circunstancias, a galega está de por sí en situación de debilidade polo tanto habería que ser moi cauto na toma de decisions respecto a isto. Volvo a insistir que unha dirección sincera e comprometida resolvería moitos problemas, pero loxicamente habería que ter en conta que a polémica a teríamos asegurada un día si e outro tamén

4. Non sabe non contesta

5. Posiblemente sería deficitaria, pero iso vai depender en grande medida da xestión que se faga de ela. A cultura é hoxe en día un valor de mercado. Hai que facerlo ben, xestionar ben os presupostos, empacotar ben o produto e sair a competir ó mercado como calquera outra tv. Confiar dunha vez por todas nos creadores (e non nos políticos). Hai que ter en conta que polo razoamento da rentabilidade chegaríamos a non ter, no noso país, operas, teatro, cine e grandes concertos de música

6. Sen dúbida

7.

ANTÓN LOURO– Deputado do PSOE no Parlamento Español

1. Considero que é o momento de plantexarnos dar satisfacción ás necesidades sociais e culturais en relación coa creación dunha segunda canle de tv en Galicia

2. Considero que non existe unha demanda social en relación cunha segunda canle de televisión. Nembargantes entendo que si puidera ser de interes público

3. A programación dunha hipotética segunda canle debería responder ós principios de complementariedade e servicio público. A súa programación debe atender basicamente o espacios culturais, educativos, divulgativos.....

4. As novas tecnoloxías da comunicación e da cultura abren novas posibilidades a implantación da segunda canle

5. A rendibilidade da segunda canle da tv. Compre medida en termos sociais, nunca dende o punto de vista económico
6. Sin lugar a dúbidas que si
7. Contribución a normalización cultural e lingüística do noso país, incentivación de novos hábitos en relación co uso e disfrute de bens e produtos culturais, así como do noso patrimonio cultural, natural e artístico